

Concurso de arquitectura para a rehabilitación arquitectónica e paisaxística da Panda da Dá como un espazo de oportunidades para a xestión sostible do territorio.



Bases do concurso

GAL

Finsa RIA

Promove

Finsa - Servizos centrais

Estrada N-550, km. 57

15707 Santiago de Compostela

A Coruña, España

finsa.com

Colabora

Fundación RIA

Rúa Virxe da Cerca 6

15703 Santiago de Compostela

A Coruña, España

fundacionria.org

Contidos

Bases do concurso

01. Obxecto e emprazamento
02. Identificación do promotor e colaborador
03. Requisitos de participación
04. Detalles do concurso
05. Fases
06. Premios e contrato ulterior
07. Notificacións e publicacións
08. Xurado
09. Publicación de propostas
10. Calendario
11. Cooperación
12. Protección de datos
13. Cesión de dereitos de imaxe/propiedade intelectual
14. Suspensións, prórrogas e desestimento
15. Penalizacións e descalificacións
16. Contacto e reclamacións
17. Aceptación das bases
18. Xurisdicción

Anexos

Bases do concurso

01. Obxecto e emprazamento

O obxecto do presente prego é regular as condicións xurídicas que rexerán o Concurso de ideas promovido por Finsa, coa colaboración da Fundación RIA. O concurso de ideas será a nivel de “anteprojectos”, aberto, en dúas fases, con intervención de Xurado, co fin de seleccionar a mellor proposta para a rehabilitación arquitectónica e paisaxística da leira da Panda da Dá nas Pontes, A Coruña. As propostas deben incluír a rehabilitación dos edificios existentes e os espazos exteriores contemplados no ámbito de concurso, correspondente coa totalidade do núcleo da Panda da Dá, adaptándoos ás necesidades do novo complexo. Ademais, ofrécese a posibilidade de construír un novo espazo polivalente cunha cociña, que deberá ser realizado maximizando o uso de madeira, utilizando solucións construtivas e materiais de calquera das gamas de produto do Grupo Finsa. Tamén se considerarán actuacións prioritarias no concurso a realización de intervencións paisaxísticas.

As propostas deberán ter en conta os principios de sustentabilidade, innovación e viabilidade técnica, económica e ambiental. O concurso pretende fomentar a participación de arquitectos e profesionais afíns na creación de propostas de vangarda que respondan as necesidades do proxecto.

As actuacións propostas polo concursante no seu anteprojecto non contan con orzamento máximo estimado segundo consta no prego técnico. A desagregación do orzamento máximo determinarao o concursante no seu anteprojecto.

Na estimación económica que realicen os concursantes, deberase determinar tanto o Orzamento de Execución Material (PEM) como o de Orzamento de Execución por Contrata (PEC), que deberá estar formado polo PEM, máis o 13 % de GG e 6% de BI, máis o IVE do 21%.

02. Identificación do promotor e colaborador

Promotor do concurso

O promotor do concurso é FINANCEIRA MADEIREIRA S.A. (Finsa) cuxa sede e servizos centrais se atopan na estrada N-550, km. 57, 15707, Santiago de Compostela, A Coruña, España, con CIF A15005499. O promotor dedícase principalmente á industria da madeira e os seus derivados, cunha forte orientación cara á sustentabilidade e a innovación no sector da construción e o deseño. O promotor será responsable de garantir o correcto desenvolvemento do concurso e de proporcionar os premios establecidos na cláusula 06.

Colaborador na organización do concurso

A Fundación Rede de Innovación Arousa (RIA) con domicilio en Rúa Virxe da Cerca 6, 15703, Santiago de Compostela, A Coruña, España, con CIF G70531116, actúa como entidade colaboradora na organización do concurso. RIA actuará de forma instrumental como intermediaria entre os participantes e o promotor poñendo ao disposición destes toda a documentación relativa á convocatoria do concurso, xestionando a recepción de propostas e facilitando a comunicación cos participantes e o promotor.

03. Requisitos de participación

Poderán participar no concurso arquitectos/as, estudos de arquitectura e equipos multidisciplinares de calquera nacionalidade, sempre que cumpran cos seguintes requisitos:

Capacidade legal

Todos os participantes deberán contar con polo menos unha persoa física con titulación de Arquitecto/a segundo o establecido na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, e demais normativa de aplicación (art. 2.1 a) e 10.2 a), que teñan plena capacidade de obrar e non se atopen incursos nas prohibicións e incompatibilidades para ser contratados coa empresa promotora, segundo a normativa vixente, que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional na forma prevista neste prego.

No caso de equipos multidisciplinares, polo menos un membro deberá ser arquitecto/a con licenza vixente.

No caso de persoas xurídicas, a participación no concurso deberá estar aliñada cos fins sociais, o obxecto ou o ámbito de actividade establecidos nos seus estatutos ou regras fundacionais. Ademais, a proposta presentada deberá ser elaborada por un arquitecto/a ou por un equipo multidisciplinar, sempre baixo a dirección e responsabilidade dun arquitecto/a.

Permítese a participación de agrupacións de profesionais ou empresas de técnicos competentes que formen unha Unión Temporal de Empresas (UTE). Neste caso, deberán anexar un compromiso de asociación (Anexo 04 das bases administrativas), que se manterán vixente durante todo o proceso do concurso. Ademais, deberán designar a unha persoa que actuará como representante fronte ás entidades promotora e colaboradora na organización do concurso. Tamén deberán detallar os nomes e circunstancias dos membros que conformen a UTE, especificar a participación de cada un e comprometerse a formalizar a UTE en caso de ser adxudicatarios. Así mesmo, deberán nomear a un representante ou apoderado único con poderes suficientes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións do contrato ata a súa finalización, sen prexuízo de que as empresas outorguen poderes mancomunados para o manexo de cobranzas e pagos de contía significativa.

Habilitación

Os participantes no concurso, xa sexa como autores ou colaboradores, deben estar habilitados para exercer en España. Consideraranse habilitados aqueles que conten coa titulación profesional correspondente e, cando sexa obrigatorio, estean colexiados para o exercicio en territorio español. Tamén poderán participar quen posúa un título estranxeiro, sempre que estea legalmente recoñecido (no caso de títulos da Unión Europea) ou homologado ao título español, cumprindo cos requisitos aplicables a persoas físicas ou xurídicas de países non pertencentes á Unión Europea ou de Estados Membros, segundo corresponda.

Restricións

Cada participante só poderá integrar un único equipo, xa sexa como titular ou colaborador, e unicamente poderá presentar unha proposta. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación de todas as propostas nas que o participante estea involucrado.

Acreditación

A capacidade de obrar dos participantes deberá acreditarse da seguinte maneira:

- Persoas físicas: Mediante a presentación dunha copia do DNI.
- Persoas xurídicas: Será necesario presentar unha copia auténtica do CIF, xunto coa escritura ou documento de constitución, estatutos ou acta constitutiva que recollan as normas que regulan a súa actividade. Estes documentos deben estar debidamente rexistrados no rexistro público correspondente, segundo o tipo de persoa xurídica.
- Empresarios non españois da UE ou do EEE: A capacidade de obrar acreditarase mediante a súa inscrición no rexistro correspondente conforme á lexislación do Estado no que estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou certificado, segundo as disposicións comunitarias aplicables.
- Outros empresarios estranxeiros: Deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante un informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente, ou da Oficina Consular dentro do ámbito territorial no que se atope o domicilio da empresa.

Será necesario acreditar a colexiación no Colexio profesional correspondente no momento da presentación do Arquitecto responsable do traballo (o que implica a validación da súa titulación académica), así como a colexiación nos colexios respectivos de calquera outro técnico que forme parte do equipo (xa sexa como coautor ou colaborador) e cuxa profesión requira colexiación para o seu exercicio. Contemplanse as excepcións aplicables no caso de persoas provenientes de Estados da Unión Europea e de países non membros.

Solvencia económica e financeira

Presentarase un compromiso vinculante, asinado polo candidato ou o representante da empresa, en caso de tratarse dunha persoa xurídica, para a subscripción, en caso de ser adxudicatario do contrato de servizos, dun seguro de responsabilidade por riscos profesionais por un importe non inferior ao valor estimado do contrato, con vixencia durante toda a súa execución, comprometéndose ademais a formalizalo nun prazo de dez días hábiles.

Nas unións temporais de empresas, cada un dos seus membros deberá acreditar a súa capacidade e solvencia. A efectos de avaliar a solvencia da UTE, sumaranse as capacidades e características acreditadas por cada un dos seus integrantes.

Para acreditar os requisitos de aptitude e capacidade, así como a solvencia económica, técnica e profesional, e demais requisitos legais necesarios para contratar

coa empresa, será suficiente, na segunda fase de concurso, a presentación dunha declaración responsable por parte do concursante ou licitador.

Experiencia profesional

Recoméndase que os participantes contén con experiencia demostrable en proxectos de características similares ao obxecto do concurso.

Inscrición

Todos os participantes deberán inscribirse no concurso, conforme ás datas e requisitos establecidos.

Ademais, esíxese un equipo mínimo de traballo, o cal deberá estar composto por un mínimo de 2 persoas, cubrindo os seguintes perfís profesionais:

- Persoa coordinadora do equipo e responsable do proxecto, con titulación de arquitectura. No caso de persoas físicas, deberá ser o/a propio/a licitador/a.
- Persoa responsable do proxecto e a dirección de obra con titulación en arquitectura.

O equipo poderá sumar perfiles especialistas que considere oportunos, sendo recoñecidos ámbitos como o paisaxismo, a rehabilitación, enxeñería estrutural (especialmente en madeira), instalacións autónomas ou a dirección de execución de obra.

O concurso é de carácter aberto, o que significa que todos os interesados que cumpran coas anteriores condicións poden participar.

04. Detalles do concurso

Modalidade do concurso

O presente concurso convocado por Finsa ten carácter privado.

O concurso será de carácter non anónimo.

Procedemento aberto, non é necesaria invitación para participar.

Denominación completa do obxecto do contrato

Concurso de ideas realizado en dúas fases, con intervención de Xurado, a nivel anteproxectos, para a rehabilitación e integración paisaxística da Panda da Dá, así como o seu impulso como un espazo de oportunidades para a xestión sostible do territorio.

Tipo de concurso

O concurso constará de dúas fases, a obxecto de limitar o número de participantes que realicen unha proposta detallada:

— Primeira fase

Mediante selección curricular.

Aberta a todos os arquitectos/as interesados, quen deberá entregar unha recompilación de máximo 3 obras construídas. Estas obras serán avaliadas por un Xurado, que seleccionará a 5 equipos cuxos proxectos se aliñen máis coa visión estratéxica para a leira da Panda da Dá. Valorarase tamén a composición multidisciplinar dos equipos participantes.

— Segunda fase

Os equipos seleccionados deberán presentar unha idea a nivel anteproxectos e posteriormente presentala á vez que se realiza unha entrevista. A proposta técnica a presentar nesta fase terá o nivel de definición de anteproxecto. Entre os 5 candidatos determinarase a proposta gañadora, que será a adxudicataria do primeiro premio.

Organización do concurso

A información do concurso publicarase no sitio web da Fundación RIA, que actúa como entidade colaboradora na organización do concurso, no apartado de concursos, para efectos da súa debida publicación oficial. Dende o momento da súa convocatoria, poderá ser consultada libremente por calquera persoa interesada.

Para unha maior difusión tamén se realizará unha divulgación a través das redes sociais da entidade colaboradora, así como prensa e outros medios.

A correspondencia referida a este concurso en canto a consultas, manterase a través do correo electrónico consultas@fundacionria.org. Poderanse realizar consultas, sempre por escrito, e a relación completa e anónima das consultas e aclaracións realizadas será publicada semanalmente na web da entidade colaboradora, a Fundación RIA.

A entrega da documentación do concurso realizarase unicamente de forma telemática.

05. Fases

Primeira Fase

Inscrición

Os participantes deberán presentar as solicitudes de participación ao concurso a través do correo electrónico concursos@fundacionria.org. Para iso deberán cubrir o formulario Anexo 01. Inscripción, incluído ao final destas bases, ademais de toda a documentación necesaria para esta fase, descrita nos apartado “*Formatos e documentos a entregar*”.

Prazos

O período de inscrición será de 30 días naturais, comezando ao día seguinte da publicación do anuncio do concurso e finalizando ás 14:00 h do último día do prazo. É obrigatorio realizar a inscrición no período establecido para poder acceder ao resto de fases do concurso, xa que non se aceptan propostas presentadas fóra de prazo.

Visitas

Unha vez anunciado o concurso, poderanse realizar visitas ao predio, para que os equipos poidan coñecer o lugar.

* Estas visitas estarán suxeitas a cuestións meteorolóxicas, así como á dispoñibilidade do persoal de campo.

Preguntas e aclaracións

Durante esta primeira fase, os participantes poderán realizar preguntas sobre o prego e os detalles do concurso ata unha semana natural antes da entrega de documentación. As preguntas deberán enviarse por correo electrónico a consultas@fundacionria.org e as respostas publicaranse semanalmente na páxina da Fundación RIA para garantir a transparencia do proceso.

A lista de preguntas e respostas, xunto coas bases completas, entregarase ao Xurado do concurso no momento da súa constitución. As consideracións resultantes das devanditas respostas serán de cumprimento obrigatorio tanto para o Xurado como para o órgano de contratación.

Formatos e documentos a entregar

Para participar no concurso, os equipos candidatos interesados deberán presentar a súa solicitude de participación en formato electrónico a través do correo electrónico concursos@fundacionria.org. A documentación para incluír en arquivo zip ou ligazón de descarga (por exemplo, wetransfer) é:

- Solicitude de participación

Inscrición no concurso, incluída ao final destas bases (Anexo 01) xunto á acreditación correspondente especificada no apartado 03. *Requisitos de participación*.

- Incompatibilidades

Todos os integrantes dos equipos, tanto persoas naturais como representantes de sociedades, deberán entregar unha declaración que acredite a inexistencia

de incompatibilidades ou prohibicións para contratar. (Anexo 02)

- Titulación
O integrante do equipo que figure como representante do proxecto e quen sexa asignado como responsable da dirección de obra no caso de ser contratados, deberá presentar unha declaración responsable que acredite o cumprimento das condicións de titulación que os habiliten para exercer este cargo. (Anexo 03)
- Constitución de UTE
No seu caso, deberase incluír o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas (UTE). (Anexo 04)
- Dedicación dos medios suficientes
Compromiso de dedicar ou adscribir á execución do futuro contrato de servizo, no caso de resultar gañador do concurso, os medios materiais e persoais suficientes.
- Acreditación curricular arquitectónica
Achegarase, acompañada dun índice, a seguinte información, por cada proxecto e/o obra presentada, ata un máximo de 3 obras e/o proxectos construídos. Engadindo unha breve memoria descritiva de cada proxecto presentado en DIN A4. O texto explicativo será como máximo de 500 palabras, describindo o proxecto. Poderá ir acompañado de documentación gráfica (entre 5 e 10 elementos) podendo ser estas imaxes da obra, infografías, planos, axonometrías, etc. A maiores deberase incluír unha acreditación da execución xunto a unha declaración xurada de porcentaxe de autoría da obra.
- Acreditación curricular do equipo
Achegarase un breve currículo de cada un dos integrantes do equipo que concorre ao concurso cun máximo de 400 palabras por persoa. (DIN A4)

Todos os documentos deberán entregarse en formato dixital en PDF en DIN A4.

Criterios de valoración das solicitudes de participación

Valoración total de ata 100 puntos, tendo en conta as seguintes condicións:

- Valoración curricular arquitectónica:
O Xurado valorará a calidade e adecuación das obras de arquitectura presentadas. Considéranse de especial interese intervencións sobre ou patrimonio histórico, proxectos de rehabilitación, paisaxismo, construción en madeira, e/o que integren estratexias de autosuficiencia e sustentabilidade.
Puntuándose ata un máximo de 80 puntos
- Valoración curricular dos integrantes do equipo:
O Xurado valorará a composición dos equipos presentados, valorando a súa complementariedade e considerando de especial interese os perfiles especializados ou con experiencia en proxectos de rehabilitación, paisaxismo, construción en madeira, e/o que integren estratexias de autosuficiencia e sustentabilidade.
Puntuándose ata un máximo de 20 puntos

Fallo da primeira fase do concurso

Unha vez recibidas as solicitudes de participación, o Xurado reunirse cantas veces considere necesario para seleccionar aos cinco equipos que pasarán á segunda fase. O Xurado disporá dun prazo de 20 días hábiles, contados dende o día seguinte ao peche do prazo de presentación de candidaturas, ao termo do cal emitirá unha acta co seu ditame.

Segunda Fase

Os cinco finalistas seleccionados deberán presentar unha proposta detallada a nivel anteproxecto, nun prazo de 60 días naturais. As propostas finais serán avaliadas polo Xurado para a selección do gañador.

Prazos

O prazo de presentación de propostas finalizará ao transcurso de 60 días naturais, contados a partir da data do envío da invitación escrita aos candidatos seleccionados. A entrega de propostas deberá realizarse o día fixado antes das 14:00h.

Sesións de traballo

Poderanse realizar unha ou dúas sesións de traballo conxuntas, previa notificación ás partes interesadas. Estas sesións serán acordadas entre a entidade promotora, Finsa, a entidade colaboradora, Fundación RIA, e os equipos seleccionados.

Visitas

Durante este período, de 60 días naturais a partir da data do envío da invitación escrita aos seleccionados, realizarase unha visita con cada equipo seleccionado ao predio da Panda da Dá, para que poidan percorrer o lugar de forma individualizada. Ofrecerase a posibilidade de realizar visitas adicionais, baixo demanda dos equipos.

As visitas serán guiadas polo persoal da entidade promotora, Finsa e a entidade colaboradora, Fundación RIA.

* Estas visitas estarán suxeitas a cuestións meteorolóxicas, así como á dispoñibilidade do persoal de campo.

Preguntas e aclaracións

Durante esta fase, os participantes poderán realizar preguntas sobre os detalles do concurso a partir dun día despois do envío de invitacións ata unha semana natural antes da entrega de propostas. As preguntas deberán enviarse por correo electrónico a consultas@fundacionria.org e as respostas publicaranse semanalmente, de forma anónima, na páxina da Fundación RIA.

Formatos e documentos a entregar

Os cinco equipos seleccionados para a segunda fase entregarán as súas propostas exclusivamente en formato electrónico a través do correo electrónico concursos@fundacionria.org. A documentación presentada dixitalmente poderá ser enviada a través dun arquivo zip ou dunha ligazón de descarga (por exemplo, wetransfer) e conterá a seguinte información:

- Proposta técnica
Resumo da idea de proxecto en dous paneis formato DIN A1. Poderán amosar desde infografías, plantas e seccións, axonometrías, esquemas de usos e distribución, textos descritivos etc.
- Memoria descritiva e construtiva
Texto explicativo cunha extensión máxima de 20 follas por ambos os lados (40 páxinas) en formato DIN A4, describindo a proposta. A memoria incluírá un apartado específico de sustentabilidade, onde se incluírá a visión xeral de subministracións e enerxía para o predio e os criterios relacionados coa sustentabilidade integral así como as actuacións máis inmediatas a abordar. Incluírase un orzamento estimado da proposta, por capítulos. A memoria poderá incluír documentación gráfica, como infografías, planos, axonometrías, diagramas de uso, esquemas de sustentabilidade, detalles e solucións construtivas etc.

Presentación das propostas ante o Xurado

Unha vez transcurrido o prazo de presentación das propostas citarase a cada un dos 5 equipos seleccionados a presentar as súas propostas ante o Xurado e realizar unha breve entrevista co equipo.

- O período aproximado para realizar as devanditas presentacións será entre 1 e 2 semanas despois de entregar as propostas. Avisarase con suficiente antelación e acordarase un día de presentación conveniente tanto para os equipos como para o Xurado.
- Esta presentación realizarase de forma presencial, sempre que sexa posible. De non poder realizarse presencialmente habilitarase unha reunión telemática.
- Para a presentación de cada unha das propostas, os equipos poderán apoiarse nunha presentación tipo PowerPoint ou similar.

Criterios de valoración dos proxectos

A valoración global das propostas realizarase unha vez se completen as presentacións e entrevistas a todos os equipos. A valoración total será de ata 100 puntos, tendo e conta as seguintes condicións:

- Valoración arquitectónica e calidade do deseño. Adecuación ao programa.
Ata un máximo de 40 puntos
- Intervención en espazos exteriores. Relación coa contorna e paisaxe.
Ata un máximo de 20 puntos
- Sustentabilidade e eficiencia enerxética. Valorarase positivamente o uso de materiais sostibles ou enerxías renovables así como o emprego de pautas de deseño sostible (certificacións como LEED, BREEAM, Passivhaus, outras normas, etc.)
Ata un máximo de 20 puntos

- Viabilidade técnica e construtiva
Ata un máximo de 10 puntos

- Valoración económica da proposta
Ata un máximo de 10 puntos

Fallo da segunda fase do concurso

Dende a recepción efectiva de todas as propostas, os paneis estarán dispoñibles para a súa análise por parte dos membros do Xurado, quen disporá dun prazo de 21 días hábiles para a súa avaliación, contados a partir do día seguinte ao peche do prazo de presentación de proxectos. Ao termo deste período emitirase unha acta co seu ditame.

A cada membro do Xurado enviaráselles, en soporte electrónico, un arquivo que conterá todos os documentos enviados polos cinco equipos finalistas.

Durante o proceso de deliberación, o Xurado manterá reunións cos cinco equipos finalistas, quen deberá realizar unha presentación da súa proposta para afondar nos aspectos máis relevantes do proxecto.

O secretario do Xurado, en coordinación cos membros, propoñerá as datas e o lugar onde levarán a cabo as deliberacións e onde estarán expostos os paneis das propostas. Ademais, encargarse de convocar aos expertos cuxa presenza solicite o Xurado.

A designación do equipo gañador será anunciada nunha data para determinar, acompañada dunha xustificación motivada da decisión do Xurado.

A identidade dos autores da proposta premiada darase a coñecer nun acto de clausura do concurso. A data, hora e lugar do devandito acto serán comunicados aos participantes coa debida antelación polos medios establecidos pola entidade colaboradora.

06. Premios e contrato ulterior

Premios

Outorgaranse 5 premios aos seleccionados para a segunda fase.

Primeiro premio: cunha dotación económica de 20.000,00 €. O premio vencéllase á contratación do gañador e terá natureza de pago a conta do contrato de prestación de servizos que se subscriba, deducindo devandito importe dos honorarios do proxecto básico e de execución.

Segundo, terceiro, cuarto e quinto premio: dotación económica de 5.000,00 €.

Os custos dos premios serán asumidos polo promotor do concurso. O pago dos premios efectuarase mediante transferencia bancaria no prazo máximo dun mes para partir do anuncio do gañador do concurso.

Implicacións fiscais

Os premios estarán suxeitos a retencións fiscais conforme á lexislación aplicable no país do promotor. Os pagos efectuaranse en euros (€) e poderán estar suxeitos a impostos locais ou internacionais que serán responsabilidade do gañador.

Contrato ulterior e condicións de contratación

Unha vez que o Xurado teña adoptada unha decisión, darase traslado á entidade promotora para que este proceda, no seu caso, á adxudicación do concurso de proxectos e do correspondente contrato de servizos ao equipo indicado polo Xurado como gañador, así como a conceder o resto dos premios.

O Promotor resérvase o dereito para adxudicar o concurso ao equipo autor da proposta cualificada como primeiro premio conforme á valoración do xurado.

Adxudicación do contrato

Unha vez se poida fixar coa debida determinación o obxecto do eventual contrato de servizos, que dependerá da proposta gañadora, determinarase o valor do contrato de prestación de servizos, que se calculará sobre o Presuposto de Execución Material (PEM) utilizando as tarifas xerais aplicadas pola Sociedade Mercantil Estatal de Xestión Inmobiliaria de Patrimonio (SEGIPSA), e procederase a encargar o proxecto de rehabilitación, podendo acometerse total ou parcialmente, ou por fases, as actuacións propostas.

Para que o contrato sexa adxudicado ao gañador, este deberá presentar a documentación necesaria que demostre a súa capacidade, solvencia e outros requisitos estipulados na declaración responsable, segundo o detallado a continuación. O promotor, tras recibir a dita documentación, terá un prazo de dez días hábiles para proceder coa adxudicación do contrato.

Se o gañador non acredita o cumprimento dos requisitos necesarios para a contratación ou non pode formalizar o contrato por razóns que lle sexan imputables, o promotor, procederá á súa exclusión, o que implicará a perda do dereito á cobranza

do premio. En tal caso, a proposta que inicialmente fose clasificada en segundo lugar declararase gañadora, e requirirase ao seu autor a documentación correspondente para a adxudicación do contrato de servizos.

De maneira similar, se a proposta en segundo lugar non logra demostrar a súa capacidade, solvencia ou outros requisitos establecidos, ou non se pode formalizar o contrato por causas atribuíbles ao seu autor, o promotor tamén procederá á súa exclusión. Neste escenario, declararase gañadora a proposta inicialmente clasificada en terceiro lugar, solicitando ao seu autor a documentación necesaria para proceder á adxudicación do contrato de servizos.

No caso de que ningún dos tres autores das propostas seleccionadas polo Xurado cumpra cos requisitos para contratar e coas condicións de solvencia, ou se non se pode formalizar o contrato por causas que lles sexan imputables, o promotor declarará o concurso deserto. A adxudicación do contrato levarase a cabo mediante unha resolución motivada que se notificará aos seleccionados e publicarase na sección correspondente do sitio web do concurso na páxina da Fundación RIA.

O Promotor resérvase o dereito para adxudicar o concurso ao equipo autor da proposta cualificada como gañadora conforme á valoración do xurado.

Documentación a presentar para a adxudicación do contrato

O requirimento de presentación de documentación por parte do gañador será nun prazo de 10 días hábiles a contar dende a data de envío da notificación. O promotor indicará a forma en que debe presentarse dita documentación.

— Acreditación de garantía definitiva

Para este contrato o adxudicatario deberá constituír garantía definitiva mediante aval bancario a primeiro requirimento por importe de 5% dos honorarios, excluído o IVE. Para o cálculo do importe da garantía definitiva exclúese o importe relativo á dirección de obra por quedar condicionada á adxudicación e execución da obra.

— Acreditación de identidade e a capacidade de obrar

Para os empresarios individuais: será obrigatoria a presentación de copia dixitalizada do Documento Nacional de Identidade (ou o que no seu caso o substitúa regulamentariamente) da persoa que asina a proposición, así como a documentación acreditativa do alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE) no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato. Expresaranse as circunstancias persoais e o domicilio.

Se a empresa fose persoa xurídica española, será obrigatoria a presentación de copia dixitalizada do Número de Identificación Fiscal e da escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acta constitutiva, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade debidamente rexistrados.

No caso dunha UTE, deberá presentarse escritura pública de constitución, debidamente rexistrada no Rexistro correspondente como tal.

— Acreditación de representación

Os que comparezan e asinen a proposición en nome doutro deberán presentar copia dixitalizada do DNI do/os apoderado/s ou documento que regulamentariamente o substitúa.

Se o licitador fose un empresario individual presentárase copia auténtica da escritura de poder notarial outorgada polo titular ou propietario da empresa. Se o licitador fose unha persoa xurídica, presentárase copia auténtica da escritura de constitución da sociedade e modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil con aqueles particulares nos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza dita representación. Se esta non resultase unicamente deles presentárase, ademais escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no Rexistro Mercantil ou, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda.

— Acreditación de solvencia técnica, económica e financeira

— Colexición profesional

Deberase acreditar a colexición no Colexio Profesional correspondente do responsable do traballo, o cal implicará a acreditación da titulación académica. Así mesmo, será necesario presentar a colexición de calquera outro técnico que forme parte do equipo e para cuxo exercicio profesional se requira colexición.

— Seguro de Indemnización por Riscos Profesionais

Deberase achegar xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais cuxo importe non sexa inferior ao valor estimado do contrato. Este seguro deberá ir acompañado do compromiso de renovación ou prórroga, garantindo así o mantemento da cobertura durante toda a execución do contrato.

— Cumprimento de Obrigacións Tributarias e da Seguridade Social

A documentación a presentar para acreditar o cumprimento das obrigacións tributarias e da Seguridade Social deberá incluír:

1. Obrigacións Tributarias:

- 1.1. Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) ou documento que acredite o alta no devandito imposto.
- 1.2. Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, en relación coas obrigacións tributarias de carácter estatal.
- 1.3. Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración Autonómica, respecto a as obrigacións tributarias de carácter autonómico.

2. Obrigacións coa Seguridade Social:

- 2.1. Certificación expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social.

2.2. No caso de profesionais, deberase presentar documentación acreditativa de que cada un dos membros do equipo se atopase dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou nas Mutuas Profesionais alternativas correspondentes.

— Empresas estranxeiras

Os estranxeiros, tanto persoas físicas como xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar unha certificación expedida pola autoridade competente no seu país de procedencia, acreditando que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias correspondentes.

— Non presentación da documentación

En caso de non entregar a documentación solicitada no prazo establecido, entenderase que a empresa retirou a súa oferta presentada.

Cesión de contrato

Os dereitos e obrigacións derivados do presente contrato non poderán ser cedidos a terceiros polo adxudicatario, debido ao carácter persoal das prestacións e a que as condicións técnicas foron determinantes para a adxudicación do mesmo.

Subcontratación

Debido á natureza crítica das prestacións relacionadas co proxecto e a dirección da obra, así como ao carácter unitario de ambos para a súa correcta execución, estas actividades non poderán ser obxecto de subcontratación en ningún caso. Deberán ser realizadas integramente polo contratista ou adxudicatario principal.

Obrigacións laborais e sociais

O adxudicatario estará obrigado a cumprir con todas as disposicións vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade social, prevención de riscos laborais, protección social, seguridade e hixiene no traballo, protección de datos, propiedade intelectual, así como calquera outra normativa que resulte aplicable á súa actividade.

Execución, cumprimento e extinción do contrato

— Execución do contrato

O adxudicatario queda obrigado a presentar os exemplares completos do traballo obxecto do contrato, conforme ás especificacións establecidas pola empresa promotora. Os documentos e planos deberán entregarse no formato e dimensións indicados nas bases administrativas do contrato.

- Prazos para a redacción do proxecto
O prazo para a redacción do Proxecto Básico e de Execución, así como do Estudo de Seguridade e Saúde, será de seis meses, contados a partir da firma do contrato. O adxudicatario deberá cumprir rigorosamente este prazo, entregando todos os documentos e traballos nas condicións pactadas.

- Prazo para a dirección da obra
O prazo de execución da dirección da obra estará vinculado á execución da mesma e será coincidente co prazo establecido pola empresa promotora para a finalización da obra. O contratista deberá axustarse ao cronograma definido para garantir a correcta coordinación dos traballos.

- Cumprimento de prazos e penalizacións
O contratista está obrigado a cumprir o prazo total do contrato, así como os prazos parciais establecidos para as distintas fases de execución. En caso de incumprimento dos prazos por causas imputables ao contratista, Finsa poderá optar entre resolver o contrato, coa consecuente perda da garantía definitiva, ou impoñer penalizacións económicas. A contía das devanditas penalizacións determinarase en función dos termos e condicións contractuais. As penalizacións serán aplicadas conforme aos procedementos e condicións acordadas no contrato, sen necesidade de notificación previa por parte do promotor. No caso de que o atraso se deba a causas non imputables ao contratista, seguiranse as disposicións específicas acordadas entre as partes.

- Dereitos do contratista e pago
O contratista terá dereito ao pago do prezo convindo na adxudicación polos traballos efectivamente realizados e que fosen formalmente aceptados pola empresa promotora. O pago estará suxeito á previa aprobación da factura correspondente, así como á conformidade cos traballos entregados por parte do responsable designado pola entidade promotora.

Finsa abonará o importe dentro dos trinta días seguintes á aprobación da factura, sempre que se acompañe da documentación xustificativa que acredite a execución total ou parcial do contrato. Se Finsa incorrese en demora no pago, deberá abonar ao contratista os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobranza conforme ao disposto na Lei 3/2004, do 29 de decembro, sobre medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

- Extinción do contrato
O contrato extinguirase cando se cumpra na súa totalidade as obrigacións contractuais, ou por calquera outra causa de extinción establecida nos termos do contrato ou na normativa aplicable.

Fase de redacción de proxecto

— Entrega do Proxecto Básico e de Execución

Despois da entrega do Proxecto Básico e de Execución, e trala conformidade da empresa promotora, procederase ao pago dos honorarios determinados no contrato de prestación de servizos máis o correspondente IVE. Este importe será abonado trala aceptación formal do traballo realizado por parte do responsable designado.

— Fase de Dirección de Obra

Durante a fase de Dirección de Obra, realizaranse pagos parciais de forma proporcional ás certificacións de obra, ata completar o importe total do prezo da Dirección de Obra. Os pagos estarán condicionados á emisión das certificacións correspondentes polo responsable designado pola empresa.

— Facturación

As facturas deberán ser conformadas polo responsable do contrato e emitidas de conformidade coa normativa vixente. Cada factura deberá incluír:

- Numeración seriada
- Data de expedición
- Descrición detallada dos traballos realizados
- NIF do expedidor e do destinatario
- Importe do IVE repercutido

As facturas que non cumpran con estes requisitos non serán procesadas para o seu pago ata que se emenden as deficiencias.

Visado

O proxecto de execución, como desenvolvemento do anteprojecto, deberá someterse ao visado colexial, incluído no prezo do contrato.

Cumprimento do contrato e recepción do servizo

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando, unha vez finalizado o prazo total de vixencia do mesmo, se execute a totalidade das obrigacións contratadas de conformidade cos termos establecidos e a plena satisfacción do promotor.

Liquidación do contrato

A empresa promotora deberá acordar e notificar ao contratista a liquidación do contrato dentro do prazo dun mes a partir da data de recepción do mesmo, procedendo, no seu caso, ao abono do saldo resultante.

Resolución do contrato

O contrato poderá ser resolto polas seguintes razóns, ademais das que sexan expresamente acordadas por ambas as partes:

- Falecemento ou incapacidade sobrevinda do contratista individual, ou a extinción da personalidade xurídica da entidade contratista.
- Declaración de concurso ou insolvencia en calquera outro procedemento legal.
- Acordo mutuo entre as partes.
- Incapacidade para levar a cabo a prestación nos termos establecidos inicialmente, se non se pode modificar o contrato segundo o acordado. Así mesmo, se as modificacións implican un cambio no prezo do contrato que exceda o 10% do importe inicial, excluindo o IVE, poderase resolver o contrato.
- Atraso no cumprimento dos prazos establecidos polo contratista. En particular, se o atraso en calquera actividade supera un terzo do prazo total acordado, incluídas as prórrogas.
- Atraso no pago por parte da entidade promotora por un período superior a seis meses.
- Desistencia previa ao comezo da prestación do servizo ou suspensión da entrada en vigor do contrato por causas atribuíbles á entidade promotora, durante máis de catro meses dende a data estipulada para o seu inicio, a menos que se fixe un prazo menor no contrato.
- Desistencia tras o inicio da prestación do servizo ou suspensión do contrato durante máis de oito meses, salvo que se estableza un prazo menor nas condicións contractuais.
- Os contratos adicionais consideraranse resoltos se o contrato principal se disolve.
- Falta de pago de salarios aos traballadores implicados na execución do contrato, así como o incumprimento das condicións estipuladas nos convenios colectivos vixentes durante a execución.
- Incumprimento das obrigacións esenciais do contrato, segundo o indicado nos pregos ou no propio contrato.
- Interferencia nas facultades de dirección e inspección da entidade promotora.
- A resolución do contrato, por calquera destas causas, dará lugar ás consecuencias xurídicas que se establezan no contrato ou na normativa aplicable a este tipo de relacións contractuais.

— Efectos da Resolución do Contrato

No caso de que a resolución se leve a cabo por mutuo acordo, os dereitos e obrigacións das partes rexeranse conforme ao que pactasen validamente entre elas.

Se a resolución se produce por un incumprimento culpable do contratista, este deberá indemnizar á empresa polos danos e prexuízos ocasionados.

07. Notificacións e publicacións

Todas as notificacións relacionadas co concurso enviaranse a través do correo electrónico proporcionado polos participantes durante a inscrición. Calquera comunicación oficial, como modificacións do calendario, resposta a consultas, resolución de incidencias, ou no caso invitación a realizar a segunda fase así como comunicación do gañador será enviada por este medio.

As actas dos procesos de selección serán publicadas na páxina web da Fundación RIA.

08. Xurado

O Xurado estará composto por profesionais de recoñecido prestixio no ámbito da arquitectura e outras disciplinas relacionadas. Os membros do Xurado serán seleccionados polo promotor e colaborador do concurso e actuarán de maneira independente. A composición do Xurado será:

Presidente:

- Santiago Víctor García Valiño, en representación de Finsa

Vogais:

- Aurora Armental Ruiz, arquitecta do estudo Estar
- Graça Correia, arquitecta do estudo Correia Ragazzi
- Carme Pinós Desplat, arquitecta do estudo Carme Pinós

Secretaria:

- Raquel Bóveda Ríos, en representación de Finsa

Comisión consultiva, con voz pero sen voto:

- 3 Representantes de Finsa (estratexia, xestión forestal, construción, etc.)
- 2 Representantes da Fundación RIA

En caso de empate nas decisións, o voto do presidente do Xurado será decisivo.

Calquera intento de exercer presión sobre os membros do Xurado debidamente acreditados resultará na exclusión do concurso.

O Xurado poderá convidar a expertos no ámbito relacionado co concurso para participar nas sesións de deliberación, tendo voz, pero non voto. Os invitados deberán declarar previamente que non existen incompatibilidades con ningunha das propostas presentadas ao concurso. Na mesma categoría compoñerase unha comisión consultiva, con voz pero sen voto, formada por representantes de diferentes departamentos de Finsa e da entidade colaboradora, Fundación RIA.

Serán funcións do Xurado a análise da documentación presentada e a admisión definitiva dos traballos. Así mesmo, terá a responsabilidade de propoñer, de maneira razoada, a exclusión daqueles traballos que non sexan admitidos, rexistrando esta decisión en acta.

9. Publicación de propostas

O promotor do concurso resérvase o dereito para organizar unha exposición pública ou a publicación das propostas presentadas, tanto as seleccionadas como as non premiadas. Este apartado regula as condicións baixo as cales as propostas poderán ser exhibidas ou publicadas, e os dereitos dos autores neste contexto.

Os dereitos concedidos ao promotor concédense igualmente ás empresas do grupo a que pertence o promotor.

Exposición pública

O promotor/colaborador poderá organizar unha ou varias exposicións físicas ou virtuais das propostas, que poderán ser exhibidas en:

- Salas de exposicións, no propio predio da Panda da Dá ou noutros lugares que o promotor/colaborador considere adecuado.
- Eventos ou feiras internacionais que desexe o promotor/colaborador.
- Na páxina web oficial do concurso ou calquera outra plataforma dixital que o promotor/colaborador considere adecuada.

No caso dunha exposición física, o promotor e/o colaborador encargárase de preparar e organizar a exhibición, asegurando que cada proposta estea debidamente identificada co nome do seu autor ou equipo, o seu título, e unha breve descrición proporcionada polos mesmos.

Publicación en medios

As propostas poderán ser publicadas en medios especializados, revistas de arquitectura, catálogos, libros conmemorativos ou calquera outro soporte editorial, tanto en formato físico como dixital. Nas devanditas publicacións respectarase a autoría das propostas, e incluírase a información correspondente aos autores.

Difusión en redes sociais e outros medios dixitais

Ademais das exposicións e publicacións formais, o promotor e/o colaborador poderá difundir imaxes ou fragmentos das propostas a través das súas redes sociais, a súa páxina web e outras canles dixitais de comunicación. Esta difusión poderá realizarse tanto durante o concurso (para a promoción dos participantes) como posteriormente para dar visibilidade ao evento e ás propostas máis destacadas.

Cesión de dereitos de exhibición

Os participantes, ao inscribirse no concurso, ceden ao promotor e ao colaborador o dereito de exhibir e difundir as súas propostas sen que iso supoña unha remuneración adicional máis aló dos premios establecidos nas bases. Esta cesión de dereitos esténdese unicamente ao uso promocional, divulgativo e cultural do proxecto, e non implica a cesión de dereitos de explotación comercial.

Protección da integridade das propostas

O promotor e/o colaborador comprométese a respectar a integridade das propostas durante calquera tipo de exposición, publicación ou difusión. Non se realizarán modificacións nin alteracións nos traballos sen o consentimento previo do autor ou

equipo autoral. No caso de que o promotor e/o colaborador consideren necesario adaptar o formato para a exposición (por exemplo, axustes de tamaño ou resolución en imaxes dixitais), comunicárase aos autores para asegurar que devanditos cambios non afecten á esencia da proposta.

Duración da cesión de dereitos de exhibición

Os dereitos cedidos para a exposición, publicación e difusión das propostas serán válidos por un período de 20 anos a partir da data de resolución do concurso. Unha vez concluído este período, calquera uso posterior deberá ser novamente autorizado polo autor ou autores do proxecto.

Os usos que se realizaron ata ese momento poderán permanecer sen ser retirados, por exemplo as publicacións físicas ou dixitais non serán retiradas.

Os dereitos outorgados no presente documento ao promotor e ao colaborador, outórganse para fins comerciais e non comerciais, por tempo indefinido, territorio mundial e de forma gratuíta.

10. Calendario

O concurso desenvolverase conforme ao seguinte calendario:

1ª Fase:

- Inicio de inscricións: o día do lanzamento na páxina web da entidade colaboradora, Fundación RIA
- Peche de inscricións: 30 días naturais a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio do concurso.
- Período de consultas da 1ª fase: ata unha semana antes do peche de inscricións.
- Deliberación do Xurado: 20 días hábiles.
- Anuncio dos cinco equipos seleccionados: o día seguinte á deliberación do Xurado.

2ª Fase:

- Data de inicio de entrega de propostas: dende o envío da invitación para participar na 2ª fase do concurso.
- Data límite de entrega de propostas: 60 días naturais a contar dende o día seguinte do envío da invitación aos 5 equipos seleccionados.
- Período de presentacións e entrevistas: a concretar cos equipos e o Xurado.
- Revisión de propostas polo Xurado: 21 días hábiles.
- Publicación de gañadores: o día seguinte á deliberación do Xurado.

Calquera modificación no calendario será notificada oportunamente a todos os participantes a través do correo electrónico.

11. Cooperación

A participación neste concurso implica a aceptación, por parte de todos os concursantes, de colaborar coa organización do concurso e os premios, así como de facilitar o acceso aos medios de comunicación que desexen realizar entrevistas ou visitar e fotografar os seus proxectos. O material presentado como documentación no concurso estará exento de dereitos de reprodución e poderá ser utilizado para a súa difusión en publicacións, exposicións e outros medios de comunicación por parte da empresa promotora do concurso, Finsa e pola colaboradora, Fundación RIA.

12. Protección de datos

Os datos persoais facilitados polos participantes durante o proceso do concurso serán tratados por FINANCEIRA MADEIREIRA, SA (Finsa) e FUNDACIÓN RIA como Responsables de tratamento conforme ao establecido pola lexislación vixente en materia de protección de datos, de acordo coa normativa nacional e comunitaria de protección de datos (Regulamento UE 2016/679 Regulamento Xeral de Protección de Datos, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoal e garantía dos dereitos dixitais), coa finalidade de xestionar a convocatoria, desenvolvemento e celebración do concurso, de conformidade co establecido nos pregos, así como xestionar a súa participación no concurso. Os datos proporcionados serán utilizados unicamente para estes fins do concurso.

Conforme ao previsto no artigo 6 do REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 27 de abril de 2016, e o art. 6 da Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, o tratamento atopa a súa base de lexitimación no consentimento de interesado para esta finalidade co envío da súa participación no concurso. Coa finalidade descrita os datos serán conservados durante o tempo necesario dende a finalización do concurso para liquidar as posibles obrigacións ou responsabilidades legais derivadas do tratamento.

As Organizacións participantes (así como as UTEs), manifestan que contan co consentimento dos terceiros para a cesión dos seus datos persoais e profesionais ás Entidades Responsables.

Informámoslle que os seus datos poderán ser facilitados a provedores que presten servizos relacionados coa organización do concurso e para o cal sexa necesario acceder aos seus datos persoais ou dos terceiros facilitados no marco do concurso.

Informámoslle que durante a tramitación do concurso, os datos persoais dos finalistas serán publicitados na páxina web e redes sociais da empresa promotora así como da Fundación colaboradora. Igualmente poderán celebrarse eventos no marco do concurso nos que se celebrarán gravacións e fotografías con captación de imaxes dos participantes/finalistas que poderán ser publicadas en medios de comunicación e corporativos da empresa promotora e da fundación colaboradora. É por iso que os participantes consenten e autorizan esta difusión da súa imaxe, así como dos seus datos identificativos para a promoción do concurso en todos os medios e soportes a

disposición, sen que dita utilización lle confira dereito a remuneración ou beneficio algún.

Os participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidade e limitación de tratamento dos seus datos dirixíndose a :

- FINANCEIRA MADEIREIRA,S.A no mail privacidad@finsa.es ou mediante escrito dirixido á dirección Estrada nacional N550, km 57 15707 en Santiago de Compostela (A Coruña).
- FUNDACIÓN RIA escrito dirixido á dirección Rúa Virxe da Cerca 6, 15703, Santiago de Compostela, A Coruña, España.
- Igualmente poderán presentar reclamación ante a Axencia de Protección de datos (AEPD).

13. Cesión de dereitos de imaxe / propiedade intelectual

Os participantes no concurso garanten que a propiedade intelectual dos traballos presentados pertence aos autores, quen conservarán a plenitude dos dereitos morais recoñecidos na lexislación de propiedade intelectual. Estes dereitos son irrenunciabes e inalienables.

Os traballos presentados non poderán ser utilizados para fins distintos aos especificados nas Bases do concurso, nin poderán ser empregados como material para a redacción doutros proxectos por profesionais alleos aos respectivos autores.

Ao presentar as súas propostas, os participantes ceden á empresa promotora, Finsa, ás empresas do grupo a que esta pertence, e á colaboradora, Fundación RIA os dereitos de uso, reprodución, difusión e exhibición destas, o que permite a súa utilización para fins comerciais e non comerciais, por tempo indefinido, territorio mundial e de forma gratuíta. Con todo, os autores poderán solicitar permanecer no anonimato se non resultan premiados.

Calquera uso ou modificación dos proxectos presentados deberán ser acordados previamente cos autores, garantindo así o respecto á propiedade intelectual das propostas.

14. Suspensión, prórrogas e desestimento

O promotor resérvase o dereito para suspender, modificar ou prorrogar o concurso no caso de que xurdan circunstancias imprevistas. En caso de suspensión temporal, reabriranse os prazos unha vez sexan resoltos a causa que motivou a suspensión.

Calquera modificación do calendario ou suspensión será notificada aos participantes a través do correo electrónico facilitado na inscrición.

No caso de que a empresa promotora, Finsa, decida desistir do concurso de proxectos unha vez que se entregaron as propostas, a empresa promotora indemnizará aos concursantes polo traballo e os materiais empregados nas súas propostas. Para iso, os concursantes deberán presentar os traballos realizados ata a data de comunicación do acordo de desistencia ao día seguinte da devandita comunicación. Se non se cumpren estes prazos, non se poderá esixir a indemnización. A cantidade total destinada ás indemnizacións non superará o importe previsto para os premios do concurso.

15. Penalizacións e descualificacións

Serán motivo de descualificación:

- A entrega fóra de prazo da proposta.
- O incumprimento das especificacións técnicas establecidas nas bases do concurso.
- A presentación de traballos que vulneren dereitos de propiedade intelectual de terceiros (plaxio).

Ademais, os participantes que incumplan as normas éticas ou legais poderán ser penalizados coa exclusión do concurso.

Incompatibilidades

Non poderán participar neste concurso en dúas fases aquelas persoas que se atopen nunha situación de incompatibilidade profesional ou legais en relación co traballo ao que se refire, así como quen teña un motivo de incompatibilidade para contratar coa empresa promotora, Finsa.

16. Contacto e reclamacións

Contacto

Para calquera consulta relacionada co concurso, os participantes poderán poñerse en contacto co promotor e a entidade colaboradora a través do correo electrónico consultas@fundacionria.org. O promotor/colaborador comprométense a responder as consultas dentro dun prazo máximo de 6 días hábiles nos prazos establecidos para iso. As respostas a consultas de interese xeral serán publicadas de forma anónima no sitio web oficial do concurso para que todos os participantes teñan acceso á mesma información.

Reclamaciones

No caso de que un participante considere que houbo unha irregularidade durante o proceso do concurso, poderá presentar unha reclamación formal por escrito. As reclamacións deberán dirixirse a Fundación RIA a través dos seguintes medios:

Correo electrónico: consultas@fundacionria.org

Dirección postal: Rúa Virxe da Cerca nº6, 15703, Santiago de Compostela, A Coruña, España.

As reclamacións deberán presentarse dentro dun prazo máximo de 10 días hábiles a partir da data en que se produza a causa que orixina a reclamación (por exemplo, dende a publicación dos resultados ou calquera outra situación que xustifique a queixa).

Unha vez recibida a reclamación, o promotor/colaborador do concurso disporá dun prazo de 15 días hábiles para responder formalmente e tomar as medidas correctivas que se consideren necesarias se procede. As decisións do promotor/ colaborador en relación coas reclamacións serán comunicadas a través do correo electrónico.

17. Aceptación das bases

A participación neste concurso implica a aceptación plena e incondicional de todas as bases, condicións e prazos recollidos nestas bases do concurso. Os participantes, ao inscribirse e presentar as súas propostas, declaran ler e comprender o contido das bases e comprométese a cumprir cos requisitos establecidos.

Así mesmo, os participantes aceptan calquera aclaración ou modificación que poida xurdir durante o desenvolvemento do concurso, sempre que ditas modificacións sexan debidamente comunicadas polas entidades promotora e colaboradora.

No caso de que un participante non acepte algunha das condicións aquí descritas, deberá absterse de participar no concurso. O incumprimento dalgunha das bases do presente prego será motivo de descualificación inmediata, sen dereito a reclamación por parte do participante.

18. Xurisdición

Para a resolución de calquera disputa que puidese derivarse do presente concurso e do contido deste prego administrativo, tanto o promotor e o colaborador como os participantes acordan someterse expresamente á xurisdición dos tribunais e xulgados de Santiago de Compostela, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponderlles. Esta xurisdición aplicarase para a interpretación, execución e cumprimento de todas as disposicións recollidas nestas bases. En caso de litixio, aplicarase a lexislación vixente na comunidade autónoma de Galicia e/o España, que regulará todas as relacións xurídicas derivadas do concurso.

Anexos

Anexo 01. Inscripción

Inscripción para persoas físicas

Declaración de Participación

Por medio de, e tendo coñecemento do concurso internacional de arquitectura en dúas fases, promovido pola empresa Finsa en colaboración coa Fundación RIA, para a rehabilitación arquitectónica e paisaxística do predio da Panda da Dá nas Pontes, A Coruña:

- Manifesto a miña capacidade para participar no concurso.
- Declaro que coñezo e acepto as condicións, requisitos e obrigas establecidas nas bases administrativas e técnicas que regulan o concurso.
- Solicito, por tanto, que se acepte a miña participación no mesmo.

Datos das persoas participantes

Nome completo: _____ DNI/NIE/Pasaporte: _____

Nome completo: _____ DNI/NIE/Pasaporte: _____

Nome completo: _____ DNI/NIE/Pasaporte: _____

(...)

Datos das persoas colaboradoras

Nome completo: _____ DNI/NIE/Pasaporte: _____

Nome completo: _____ DNI/NIE/Pasaporte: _____

Nome completo: _____ DNI/NIE/Pasaporte: _____

(...)

Datos para notificacións

Nome completo: _____

Dirección: _____

Teléfono: _____

Correo electrónico: _____

Sinatura das persoas participantes

Ademais, declaro que desexo SI NON, que os meus datos permanezan no anonimato en caso de non resultar premiado

Sinatura de todos os autores:

Lugar e data:

Instrucións: por favor, complete todos os campos e envíe este anexo xunto coa documentación requirida antes da data límite establecida nas bases do concurso.

Información básica sobre protección de datos

Responsables do tratamento: as entidades promotora e colaboradora.

Finalidade do tratamento: xestión da participación no concurso e cumprimento das obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os seus dereitos, en relación cos seus datos persoais, mediante escrito dirixido á Fundación RIA, acompañado de documento identificativo da persoa interesada: Fundación RIA, Rúa Virxe da Cerca 6, 15703, Santiago de Compostela, España. Teléfono: +34 881 150 071. Para consultar a información completa sobre o tratamento de datos, pódense revisar as bases da convocatoria.

Inscripción para sociedades

Declaración de Participación

Por medio de, e tendo coñecemento do concurso internacional de arquitectura en dúas fases, promovido pola empresa Finsa en colaboración coa Fundación RIA, para a rehabilitación arquitectónica e paisaxística do predio da Panda da Dá nas Pontes, A Coruña:

- Manifesto a miña capacidade para participar no concurso.
- Declaro que coñezo e acepto as condicións, requisitos e obrigas establecidas nas bases administrativas e técnicas que regulan o concurso.
- Solicito, por tanto, que se acepte a miña participación no mesmo.

Datos da sociedade autora da proposta

Sociedade (1): _____ CIF: _____
Representada por: _____ DNI/NIE/Pasaporte: _____
Sociedade (2): _____ CIF: _____
Representada por: _____ DNI/NIE/Pasaporte: _____
(...)

Persoas directoras do proxecto

Nome completo: _____ DNI/NIE/Pasaporte: _____
Nome completo: _____ DNI/NIE/Pasaporte: _____
(...)

Datos para notificacións

Nome completo: _____
Dirección: _____
Teléfono: _____
Correo electrónico: _____

Sinatura das persoas participantes

Ademais, declaro que desexo SI NON, que os meus datos permanezan no anonimato en caso de non resultar premiado

Sinatura de todos os autores:

Lugar e data:

Instrucións: por favor, complete todos os campos e envíe este anexo xunto coa documentación requirida antes da data límite establecida nas bases do concurso.

Información básica sobre protección de datos

Responsables do tratamento: as entidades promotora e colaboradora.

Finalidade do tratamento: xestión da participación no concurso e cumprimento das obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os seus dereitos, en relación cos seus datos persoais, mediante escrito dirixido á Fundación RIA, acompañado de documento identificativo da persoa interesada: Fundación RIA, Rúa Virxe da Cerca 6, 15703, Santiago de Compostela, España. Teléfono: +34 881 150 071. Para consultar a información completa sobre o tratamento de datos, pódense revisar as bases da convocatoria.

Inscripción para equipos mixtos - persoas físicas e sociedades

Declaración de Participación

Por medio de, e tendo coñecemento do concurso internacional de arquitectura en dúas fases, promovido pola empresa Finsa en colaboración coa Fundación RIA, para a rehabilitación arquitectónica e paisaxística do predio da Panda da Dá nas Pontes, A Coruña:

- Manifesto a miña capacidade para participar no concurso.
- Declaro que coñezo e acepto as condicións, requisitos e obrigas establecidas nas bases administrativas e técnicas que regulan o concurso.
- Solicito, por tanto, que se acepte a miña participación no mesmo.

Datos das persoas participantes

Nome completo: _____ DNI/NIE/Pasaporte: _____

Nome completo: _____ DNI/NIE/Pasaporte: _____

(...)

Sociedade: _____

Representada por: _____ DNI/NIE/Pasaporte: _____

Director/es do proxecto

Nome completo: _____ DNI/NIE/Pasaporte: _____

(...)

Datos das persoas colaboradoras

Nome completo: _____ DNI/NIE/Pasaporte: _____

Nome completo: _____ DNI/NIE/Pasaporte: _____

(...)

Datos para notificacións

Nome completo: _____

Dirección: _____

Teléfono: _____

Correo electrónico: _____

Sinatura das persoas participantes

Ademais, declaro que desexo SI NON, que os meus datos permanezan no anonimato en caso de non resultar premiado

Sinatura de todos os autores:

Lugar e data:

Instrucións: por favor, complete todos os campos e envíe este anexo xunto coa documentación requirida antes da data límite establecida nas bases do concurso.

Información básica sobre protección de datos

Responsables do tratamento: as entidades promotora e colaboradora.

Finalidade do tratamento: xestión da participación no concurso e cumprimento das obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os seus dereitos, en relación cos seus datos persoais, mediante escrito dirixido á Fundación RIA, acompañado de documento identificativo da persoa interesada: Fundación RIA, Rúa Virxe da Cerca 6, 15703, Santiago de Compostela, España. Teléfono: +34 881 150 071. Para consultar a información completa sobre o tratamento de datos, pódense revisar as bases da convocatoria.

Anexo 02. Incompatibilidades

Modelo de declaración responsable de non existencia de incompatibilidade nin prohibición de contratar

Atención: un exemplar desta declaración debe ser achegado por todos e cada un dos coautores da proposta, sexan estes profesionais ou sociedades (nese caso asinarao o seu representante)

Datos das persoas participantes

Nome completo: _____ DNI/NIE/Pasaporte: _____

Dirección: _____

Teléfono: _____

Correo electrónico: _____

Actuando

No seu propio nome (profesionais a título persoal): _____

En representación de (sociedades; encher máis abaixo os seus datos): _____

Como apoderado de: _____ CIF: _____

Dirección: _____

Declara responsable e expresamente:

- Que a persoa física ou xurídica á que representa, así como os seus administradores, representantes e o asinante, non se atopan incurso en ningunha das prohibicións para contratar establecidas na normativa aplicable.
- Que a persoa física ou xurídica non está suxeita a incompatibilidades derivadas da lexislación vixente en materia de incompatibilidades de altos cargos ou cargos directivos no sector privado.
- Que a persoa física ou xurídica non está incurso en ningunha causa de incompatibilidade para contratar coa entidade promotora, Finsa, nin a colaboradora, Fundación RIA, os seus empregados, colaboradores habituais, ou persoas coas que manteñan relacións asociativas permanentes, así como cónxuxes ou persoas con vínculo de convivencia afectiva, descendentes, ou parentes por consanguinidade ata o cuarto grao ou afinidade ata o segundo.
- Que a persoa física ou xurídica non ten débedas pendentes en período executivo de pago coa entidade promotora, Finsa, nin a colaboradora, Fundación RIA, ou no seu caso, ditas débedas están debidamente garantidas.

Autoriza:

- Ao representante do equipo, para realizar os trámites administrativos necesarios e, no seu caso, percibir o importe do premio correspondente.

Sinatura do declarante

Lugar e data:

Información básica sobre protección de datos

Responsables do tratamento: as entidades promotora e colaboradora.

Finalidade do tratamento: xestión da participación no concurso e cumprimento das obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os seus dereitos, en relación cos seus datos persoais, mediante escrito dirixido á Fundación RIA, acompañado de documento identificativo da persoa interesada: Fundación RIA, Rúa Virxe da Cerca 6, 15703, Santiago de Compostela, España. Teléfono: +34 881 150 071. Para consultar a información completa sobre o tratamento de datos, pódense revisar as bases da convocatoria.

Anexo 03. Titulación

Modelo de declaración responsable de cumprimento de condicións de titulación

Por medio de, e tendo coñecemento do concurso internacional de arquitectura en dúas fases, promovido pola empresa Finsa en colaboración coa Fundación RIA, para a rehabilitación arquitectónica e paisaxística do predio da Panda da Dá nas Pontes, A Coruña:

Nome completo: _____ DNI/NIE/Pasaporte: _____

Actuando

No seu propio nome (profesionais a título persoal): _____

En representación de (sociedades; encher máis abaixo os seus datos): _____

Como apoderado de: _____ CIF: _____

Declara responsable e expresamente:

O autor ou autores da proposta están en posesión do título de:

- Grao en Estudos de Arquitectura e Máster Universitario en Arquitectura ou titulación equivalente. Ben español, ben legalmente recoñecible (títulos da Unión Europea) ou homologado ao español.

Sinatura das persoas declarante/representante

Lugar e data:

Información básica sobre protección de datos

Responsables do tratamento: as entidades promotora e colaboradora.

Finalidade do tratamento: xestión da participación no concurso e cumprimento das obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os seus dereitos, en relación cos seus datos persoais, mediante escrito dirixido á Fundación RIA, acompañado de documento identificativo da persoa interesada: Fundación RIA, Rúa Virxe da Cerca 6, 15703, Santiago de Compostela, España. Teléfono: +34 881 150 071. Para consultar a información completa sobre o tratamento de datos, pódense revisar as bases da convocatoria.

Anexo 04. Constitución de UTE

Modelo de compromiso de constitución de unión temporal de empresas/profesionais (UTE)

Por medio de, e tendo coñecemento do concurso internacional de arquitectura en dúas fases, promovido pola empresa Finsa en colaboración coa Fundación RIA, para a rehabilitación arquitectónica e paisaxística do predio da Panda da Dá nas Pontes, A Coruña:

Nome completo:	DNI/NIE/Pasaporte:
Nome completo:	DNI/NIE/Pasaporte:
(...)	
Sociedade:	
Representada por:	DNI/NIE/Pasaporte:
(...)	

Manifestan o seu compromiso de constituír unha Unión Temporal de Empresas (UTE) no caso de resultar adjudicatarios do contrato de servizos para a redacción do proxecto básico, de execución e a asistencia técnica á dirección de obra derivado do concurso, de acordo coas seguintes porcentaxes:

Nome completo:	Porcentaxe (%):
(...)	
Sociedade:	Porcentaxe (%):
(...)	

Así mesmo, acordan designar como representante e único interlocutor ante a entidade promotora e colaboradora a:

Nome completo:	DNI/NIE/Pasaporte:
Dirección:	
Teléfono:	
Correo electrónico:	

Sinatura

Sinatura dos autores da proposta e do representante legal no caso de sociedades:

Lugar e data:

Información básica sobre protección de datos

Responsables do tratamento: as entidades promotora e colaboradora.

Finalidade do tratamento: xestión da participación no concurso e cumprimento das obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os seus dereitos, en relación cos seus datos persoais, mediante escrito dirixido á Fundación RIA, acompañado de documento identificativo da persoa interesada: Fundación RIA, Rúa Virxe da Cerca 6, 15703, Santiago de Compostela, España. Teléfono: +34 881 150 071. Para consultar a información completa sobre o tratamento de datos, pódense revisar as bases da convocatoria.

Promove

Finsa - Servizos centrais

Estrada N-550, km. 57

15707 Santiago de Compostela

A Coruña, España

finsa.com

Colabora

Fundación RIA

Rúa Virxe da Cerca 6

15703 Santiago de Compostela

A Coruña, España

fundacionria.org

Finsa RIA